

# ANPA MIFASOL

## CMUS Profesional da Coruña

---

CMUS Profesional da Coruña. PRAZA DO CONSERVATORIO S/N. 15011 A CORUÑA. mail: anpa.cmus.coruna@gmail.com

CURSO 2016-17. CIRCULAR 03 / 11.2016

Á atención de todos os socios e socias do ANPA MIFASOL.:

### **ASUNTO: DESIGNACIÓN DO REPRESENTANTE DO ANPA MIFASOL NO CONSELLO ESCOLAR**

Este mes de novembro o ANPA ten que comunicar a Centro quen vai a ser o seu representante no Consello Escolar durante os próximos dous anos.

Na formación do Consello Escolar do CMUS Profesional de A Coruña, corresponde que un dos representantes dos pais e nais de alumnos do Centro, sexa designado pola asociación de nais e pais de alumnos mais representativa e legalmente constituída, neste caso o ANPA MIFASOL CMUS Profesional Coruña.

Este posto que corresponde á designación dun representante do ANPA, é de exclusiva incumbencia desta e, polo tanto, é o propio ANPA quen designa á persoa que va a representala, podendo cambiala todos os cursos se así o desexa, o considera convinte ou, polo contrario, ratificala mentres permaneza no ANPA.

A persoa designada polo ANPA no Consello Escolar representa ao ANPA e son as súas funcións:

- Defender as posicións do ANPA ante o Consello Escolar.
- Actuar de enlace entre o ANPA e o Consello Escolar
- Transmitir os acordos e temas tratados no Consello Escolar ao ANPA para que os asociados poidan recibir toda a información do tratado aprobado no Consello Escolar.

Este tema xa se expuxo na Asemblea Ordinaria celebrada neste mes de novembro.

**Os animamos a que participedes e así nolo comuniquedes a través deste correo electrónico, expresando voso interese en presentarvos ao cargo de Representante do ANPA no Consello Escolar para o curso 2016-17, axuntando vosos datos (nome, dni, mail, teléfono de contacto, núm.de socio do ANPA ou fillo estudando no Conservatorio), antes do próximo martes 22 de novembro.**

A partir do próximo xoves día 24 de novembro, o ANPA en reunión de Xunta Directiva , tras reunión con cada unha das persoas interesadas presentadas, designará ao seu representante.

A Coruña, 18 de novembro de 2016.  
XUNTA DIRECTIVA ANPA MIFASOL